

ANOTACIÓN

sobre literatura e filosofía

nº 25, setembro de 2020

Mario Losada

“O presente especioso”

Euseino?

Anotacións sobre literatura e filosofía

nº 25, setembro de 2020

O presente especioso

ANOTACIÓN

sobre literatura e filosofía

nº 25, setembro de 2020

Mario Losada

“O presente especioso.

*Unha aproximación á obra
de William James”*

Euseino?

Primeira edición (PDF), setembro de 2020

ISSN 2340-8537

PUBLICACIÓN NON VENAL

Edición

Beatriz Fraga Cameán

Euseino? Editores

Fundación Euseino?

Rúa do Brasil 40-42, 5º Esda. 36204 Vigo, Galicia

<http://euseino.org>

INTRODUCCIÓN

Hai unha idea convencional de tempo que se aplica a todo evento e estado de cousas en xeral, sen distinguir se teñen un carácter físico, mental ou se inclúen compoñentes culturais. Todos eles se poden ordenar por relacións de precedencia, sucesión e simultaneidade, e tanto a súa duración coma a distancia entre eles é medible e divisible en cantidades homoxéneas. Esta uniformidade é perturbada pola diversidade dos fenómenos temporais na experiencia. Na consciencia, por exemplo, o presente é un punto de vista privilexiado respecto do cal os eventos futuros se aproximan e se afastan os pasados. E mesmo dentro deste presente é sempre perceptible unha sucesión de sensacións, emocións e pensamentos. É dicir, no presente da consciencia prodúcese un transcurso

temporal que se experimenta nunha unidade ou, se se quere, nun único acto de aprehensión. Esta característica é allea ao presente puntal do tempo abstracto, resultante de dividir un intervalo en treitos cada vez máis pequenos ata o límite que divide o pasado e o futuro.

No capítulo XV dos *Principles of Psychology*, “The perception of time”, William James confrontou ambos os presentes sobre a base dunha caracterización do presente da consciencia ou “presente especioso”. Nel favorece alternativamente dúas interpretacións inconsistentes do fenómeno. Segundo a primeira, dominada pola imaxe da secuencia de obxectos, o presente da consciencia estaría constituído por “bloques de duración” nos que se asenta a continuidade do fluxo de consciencia. Na segunda, ilustrada na imaxe da liña, afirma que eses “bloques” fenoménicos teñen lugar en momentos instantáneos do “fluxo temporal real”. Segundo esta última imaxe, a duración presente da consciencia sería relativa a un modo de representación das relacións temporais do propio fluxo, representación que sería ela mesma instantánea.

No presente artigo analízase a tensión entre estas dúas interpretacións na citada obra de James.

Argumentase que cada unha delas está vinculada a unha perspectiva sobre o presente especioso. Cando James se limita á descrición do efectivamente dado na consciencia, favorécese a idea de que o fluxo de consciencia se compón de bloques de duración. Cando o integra no marco máis amplo dos vínculos causais e da función representativa da percepción, gaña peso a inscrición do presente fenoménico en instantes sen duración.

O PRESENTE ESPECIOSO E O PRESENTE OBXECTIVO

A expresión “presente especioso” ou “presente enganoso” foi acuñada polo psicólogo E. R. Clay e popularizada por William James nos *Principles of Psychology*. Designa o presente psicolóxico ou fenoménico do fluxo de consciencia. O adxectivo “especioso” fai fincapé no feito de que o que se dá como presente na percepción do mundo externo non é o que parece. Os eventos e obxectos externos son percibidos coma se fosen simultáneos entre si e á experiencia perceptiva. O “engano” do presente especioso ten que ver co desfacemento temporal que hai entre o momento da emisión dun sinal e a produción da

súa percepción consciente. Os eventos percibidos preséntanse coma se fosen simultáneos á experiencia perceptiva, cando en realidade aconteceron con anterioridade. Isto é debido a que os sinais viaxan a velocidade finita e o procesamento dos estímulos que desemboca na experiencia perceptiva tamén require tempo. Entre a emisión e a percepción poden mediar anos, como acontece cando se miran as estrelas, ou a fracción dun segundo, como na visión de obxectos próximos. Mais emisión, estimulación e percepción nunca son simultáneas.

O erro na datación dos eventos percibidos pode ser grande mais non supón unha diferenza de natureza entre a temporalidade propia do fenoménico e a temporalidade propia do mundo externo. O marco temporal no que se sitúan os eventos externos e a produción dos fenómenos conscientes é o mesmo. Mais o presente especioso ten outra característica que si podería involucrar unha diferenza esencial entre os presentes psicolóxico e obxectivo. O presente especioso ten unha duración mínima, na que teñen cabida o cambio, a sucesión e a persistencia. Estímulos sucesivos son sentidos na unidade dunha experiencia consciente como unha duración ordenada. Pensemos

nunha sucesión de sons que dura uns poucos segundos e na que cada son deixa de soar cando empeza a soar outro. Cada son remite a un evento que produce sinais que estimulan o tímpano por separado. Así e todo, na audición consciente a sucesión de sons dáse nunha unidade que é toda ela presente e na que se percibe a orde temporal. Se, por exemplo, batemos palmas dúas veces rapidamente, non escoitamos dúas palmadas separadas, primeiro unha e logo outra, senón dúas palmadas sucesivas e, non embargantes, xuntas nunha mesma experiencia. Se se chocan as mans unhas cantas veces máis, as palmadas máis “vellas” deixan de ser percibidas. Só as máis recentes son oídas xunto coa última que se deu. Nesa pequena duración distínguese inmediatamente o que se presenta como presente e o que se presenta como pasado. Non se trata aínda de memoria en sentido estrito pois os contidos pasados son directamente percibidos e non reproducidos ou representados simbolicamente nunha imaxe presente que remite a unha experiencia pasada. James describe así esta duración presente da consciencia:

O presente coñecido na práctica non é un gume de coitelo (“knife-edge”) senón unha cadeira cunha certa largura e dende

a cal miramos o tempo en dúas direccións. A unidade de composición da nosa percepción do tempo é unha *duración*, cunha proa e unha popa, coma se dixesemos, cun termo que mira cara adiante e outro que mira cara atrás. Só en tanto que partes deste *bloque-duración* se perciben os termos na relación de *sucesión*. (James, 609-10)

A duración mínima é unha característica que non se lle atribúe ao presente obxectivo, que é reducible a un instante sen duración, como se segue do famoso argumento de Agostiño de Hipona. Este pregúntase se o presente pode ser longo. Se o presente ten cen anos, por exemplo, o primeiro ano pode ser presente e o resto futuros, ou ben o último é presente e o resto pasados, ou ben algún ano intermedio é presente e algúns dos restantes son futuros e outros pasados. Do mesmo xeito, cada ano é divisible en días pasados, presentes e futuros, e cada día en horas. Cada hora, en fin, componse de “partículas fuxidías” nas que o pasado é o que xa transcorreu de cada unha delas e o futuro o que queda por pasar (Agostiño de Hipona, xi, 20). Agostiño conclúe que só dun tempo indivisible en partes podería dicirse que é presente, pois nel non teñen cabida nin o pasado nin o futuro (*ibid.*).

Este é o presente que James representa coa imaxe do “gume de coitelo”, un momento respecto do cal

calquera outro momento é quer pasado quer futuro. Cabe preguntarse se, contra o que defende James, o argumento agostiniano se lle pode aplicar tamén ao presente especioso. Na medida en que este tamén é divisible en presente e pasado, o argumento aplícase-lle. Por esa razón, algúns autores propoñen interpretacións nas que os contidos do presente especioso son, todos eles, simultáneos, só que algúns deles representan contidos fenoménicos recentes mais pasados.* O propio James favorece esta idea na “imaxe da liña”, como imos ver. ¿Cal é, entón, a novidade que introduce o presente especioso? Hai cando menos dous aspectos que esixen revisar ou refinar o concepto do presente cando se trata do presente psicolóxico.

En primeiro lugar, introduce a necesidade de distinguir entre a retención inmediata de contidos na duración presente e a lembranza de experiencias mediante representacións. Segundo a “solución psicolóxica” de Agostiño aos paradoxos do tempo, pasado e futuro contráense no presente do espírito por medio da lembranza e a expectativa (*ibid.*, XI, 28). As cousas pasadas e futuras non son inmediatamente

* Para unha discusión pormenorizada, véxase Le Poidevin (5.2. “The experienced and specious presents”).

percibidas no presente do espírito mais teñen lugar nel por medio das imaxes da memoria e da anticipación. No presente especioso, as “imaxes” do pasado dividense en dúas clases. Unha contén as lembranzas de experiencias que xa non están directamente dadas e ás que se remite por medio de representacións, representacións que teñen, polo tanto, un compoñente simbólico. Á outra clase pertencen os contidos de consciencia máis recentes e que se presentan nunha unidade cos contidos que os sucederon. Hai diversas formas de interpretar o estatuto destes contidos, unha das cales consiste en consideralos o produto dun tipo especial de memoria retentiva de curta duración. En calquera caso, é un fenómeno diferente da memoria no sentido habitual e investigado por separado en psicoloxía e nas ciencias cognitivas.

En segundo lugar, o fenómeno do presente especioso fai preciso distinguir entre o que de feito se sente e a análise teórica desa experiencia bruta. Se nos limitamos a considerar a duración que se presenta no presente especioso como unha extensión temporal, asimilándoa á duración dun evento en xeral, o argumento de Agostiño aplicaselle dun xeito inexorable. Mais permanece o feito de que no pre-

sente da consciencia os contidos son sentidos nunha duración que abrangue en torno a un medio segundo e que ten un modo peculiar de ser experimentalada. É dicir, hai unha diferenza no xeito en que ese intervalo e calquera outro intervalo, coa mesma ou diferente lonxitude, forman parte da consciencia.

A isto engádese o feito de que o presente instantáneo ao que se chega mediante división nunca é sentido como tal. É posible dividir calquera intervalo temporal nunha sucesión de estados instantáneos, tamén a duración do presente especioso, mais non é posible experimentalala así. A representación do fluxo de consciencia como unha sucesión de estados instantáneos é abstracta, no sentido de que non corresponde a unha experiencia real. Ningún contido fenoménico é sentido dese xeito.

DESCRIPCIÓN FENOMENOLÓXICA DO PRESENTE ESPECIOSO

A separación do fluxo de consciencia para facer del un obxecto de estudo independente é característica de moitas das investigacións dos *Principles of Psychology*. Nelas, a intención de James é acadar unha

descrición da mente dende dentro e cun mínimo de supostos teóricos (James, 224). A súa estratexia para levar a cabo esta tarefa ten dúas partes. Unha é a descrición de fenómenos como a “consciencia do eu” ou a “continuidade da consciencia”, obtidos mediante introspección directa. James destaca pola finura da súa sensibilidade introspectiva e a súa capacidade para verbalizar o mundo interior mediante o uso de imaxes, exemplos e expresións sutís e facilmente comprensibles. A outra parte é a desmitificación doutras descrições dos fenómenos psíquicos habituais na literatura da súa época, corrompidas pola mediación de conceptos, doutrinas e análises teóricos alleos aos fenómenos inmediatamente dados. James dá a máxima importancia a distinguir no fenómeno entre o que de feito se sente ou experimenta e o que se obtén mediante operacións intelectuais.

Un exemplo dese proceder é a crítica á descrición dos contidos de consciencia como combinacións de sensacións separadas. Contra ese modo de análise adúcese que nunca se sente unha sensación illada senón xa sempre formando parte da percepción dun obxecto complexo. O “obxecto”, pola súa

banda, tampouco admite simplificación: “O obxecto de todo pensamento* non é, polo tanto, nin máis nin menos que todo o que o pensamento pensa e exactamente tal como o pensa, por complicado que sexa o asunto e por simbólico que sexa o xeito de pensalo” (James, 276). As sensacións simples e illadas se distinguen nunha operación de atención a partir dos obxectos dos que forman parte mais nunca son sentidas como tales (James, 224). No fluxo de consciencia, o simple non é o primeiro.

O presente especioso é parte desa complexidade. Todo contido de consciencia dáse en relación cos que acaban de pasar e, tal vez tamén, coa anticipación dos que están a punto de chegar. É posible dividir a duración en intervalos máis curtos, chegando tal vez no límite a un presente sen duración, como no argumento agostiniano, mais isto é algo que endexamais se sente, que endexamais se experimenta. É unha abstracción á que se chega polo pensamento discursivo, “a reflexión lévanos a concluir que *ten* que existir mais a súa *existencia* non pode ser

* O termo “pensamento” utilízase aquí para designar unha operación mental calquera e non no sentido restrinxido dunha operación intelectual superior.

un feito da nosa experiencia inmediata” (James, 609).

Que os contidos de consciencia sempre son sentidos na duración dun presente especioso parece indiscutible. Cabe preguntarse, así e todo, cal é a diferenza entre a experiencia separada de cada unha das partes temporais nas que é analizable e a experiencia de cada unha desas partes dentro da duración completa. James sostén, en xeral, unha posición holista respecto dos contidos de consciencia pois considera que están sempre codeterminados polas relacións concretas nas que acontecen, nas que a relación de sucesión ten un peso especial.* Esta doutrina está estreitamente vencellada á decisión metodolóxica de desprender a descrición do fluxo de consciencia das súas relacións representativas. O fluxo non está constituído por obxectos como calidades, figuras ou relacións, senón polas sensacións, sentimentos ou pensamentos deses obxectos. No fluxo

* “Nos sentidos, unha impresión séntese dun xeito moi diferente dependendo do que a preceda; así como unha cor é modificada polo contraste coa cor que a segue, o silencio soa delicioso tras o ruído e unha nota, cando a escala sobe, soa de xeito diferente a cando a escala baixa; e así como a presenza de certas liñas nunha figura cambia a forma aparente doutras, en música o efecto estético total provén do xeito en que un conxunto de sons altera a sensación doutro” (James, 234-5).

non hai, por exemplo, algo así como unha tonalidade de cor dada por separado senón a tonalidade de cor formando parte dun obxecto complexo e tal e como é sentida ou pensada nese obxecto.

Na concepción habitual do tempo obxectivo, e polo que respecta ao contido, que un evento ou un estado de cousas sexa pasado, presente ou futuro non marca unha diferenza. Imaxinemos o estado de cousas “un gato sentado no felpudo”. Non hai dificultade en pensar en que un estado así poida realizarse onte, hoxe ou mañá. Que houbera un gato sentado no felpudo hai cinco mil millóns de anos sería, en cambio, un feito notable. Mais non pola simple posición temporal senón porque daquela a Terra non existía. No presente especioso, pola contra, as diferenzas temporais forman parte do contido, no sentido en que son de feito experimentadas. Séntese como os obxectos se van afastando do presente cara ao pasado. Podemos ver un gato sentarse no felpudo ou permanecer inmóbil sobre el. En ambos os casos, tanto o movemento como a inmovilidade séntense directamente nunha duración que contén varios momentos ordenados no tempo, ordenación que tamén se sente. Estas sensacións son intrinsecamente relacionais, pois un obxec-

to séntese como presente respecto aos que xa deixaron de sentirse como presentes e agora se senten como pasados con respecto aos que agora se senten como presentes. Aínda máis, o propio pasar dos obxectos dende o presente ao pasado é tamén obxecto de experiencia. Mais nunca se sente un contido instantáneo illado no tempo senón sempre en conexión cos anteriores e os posteriores.

James ilustra estas características dun xeito esquemático, representando a sucesión de contidos mediante unha secuencia de letras capitais: “Se o pensamento presente versa sobre A B C D E F G, o seguinte versará sobre B C D E F G H, e o seguinte sobre C D E F G H I” (James, 606). O mecanismo da imaxe é sinxelo: segundo entran uns contidos pola dereita van saíndo outros pola esquerda, de tal xeito que o número de obxectos se mantén constante. Os contidos máis antigos vanse perdendo a medida que aparecen os novos. Os obxectos van esmorecendo (“fade”) a modo, persisten (“linger”) uns momentos e finalmente desaparecen (“drop away”) a medida que os que entran (“incoming”) dende o futuro compensan a perda.

A novidade desta representación respecto da agostiniana, como xa indicamos, é que os vellos

obxectos non son desprazados fóra do presente de inmediato (cara á non existencia nun plano ontolóxico, cara á memoria nun plano psicolóxico). Quedan un pouco aínda no presente, empurrados polos que os van sucedendo cara ao precipicio do esvaeceamento. Fórmase así unha duración presente. Na teoría de Agostiño, as cousas pasadas (e futuras) tamén comparten o presente cos presentes e os futuros mais só a través das súas imaxes. Nesta representación de James, a persistencia dos obxectos na pequena duración que abrangue o presente especioso permite a contemplación directa e simultánea de obxectos pasados e presentes, así como do proceso no que van pasando, o cal fai posible percibir fenómenos que inclúen un transcurso temporal, como o cambio, a sucesión e a persistencia, de golpe e sen mediación de representacións.

Esta imaxe ten o defecto de que a separación das letras non corresponde á unidade do contido do presente especioso, que é un dato sintético. É unha falta ineludible, pois non é posible captar a unidade fluída da sucesión presente mediante unha secuencia de marcas estáticas. Por causa desta limitación, a imaxe aproxímase moito á que James propón para represen-

tar o illamento dos instantes no tempo abstracto, segundo a cal as imaxes e sensacións conscientes son como unha “cadea de doas” (James, 605). Se a consciencia estivese constituída por contidos separados, non sería posible coñecer máis ca o que se dá no instante presente nin adquirir experiencia, pois o cesamento dunha sensación consistiría na súa perda para sempre, coma se nunca existise.*

O PRESENTE ESPECIOSO COMO MODO DE REPRESENTACIÓN

A imaxe da secuencia de obxectos enmárcase no contexto da crítica ás teorías segundo as cales a consciencia se compón de estados instantáneos. Na parte do capítulo na que é introducida, o discurso gravita en torno á cuestión da composición da experiencia consciente, respecto da cal James sostén que as súas unidades mínimas teñen unha duración. A imaxe da liña preséntase ao fío dun problema similar en aparencia mais que segue unha perspectiva moi diferente, o da representatividade da duración do presente espe-

* O argumento é de John Stuart Mill, citado por James (James, 605).

cioso. James trata de dilucidar se as secuencias inmediatamente intuídas corresponden a secuencias de eventos ou estímulos externos, se non con precisión, cando menos si na forma, ou se, pola contra, hai que clasificar esta forma entre os modos de proxección propios da consciencia. Adoptará a segunda opción.

A idea de que a forma temporal dos fenómenos corresponde á forma das secuencias dos eventos ou dos estímulos criticase a partir dunha cita de Helmholtz, na que este defende que a sucesión temporal ten un estatuto especial na percepción. As calidades sensibles, como as cores e os sons, representan as causas dos estímulos (as ondas electromagnéticas e do aire respectivamente) só dun xeito simbólico. A sucesión das percepcións, así e todo, ten a mesma forma que a sucesión dos eventos que producen os estímulos pois reproducen a simultaneidade, a sucesión e as súas regularidades (James, 628). Co fin de aclarar o argumento, James expón esta doutrina mediante un mecanismo físico esquemático: a sucesión dos sinais imprímese no cerebro e os cambios no cerebro son copiados en pulsos sucesivos do fluxo de consciencia. O fluxo sente as relacións temporais entre os seus estados, que representan as rela-

cións temporais dos eventos que copian. O estatuto de copia fúndase na relación causa-efecto.

O que esta doutrina non ten en conta, sinala James, é que non é o mesmo a sucesión das percepcións que a percepción da sucesión (*ibid.*). Admite que os estados de consciencia se suceden. Tamén concede, para seguir o argumento, que estas sucesións veñen causadas por sucesións no cerebro, que á súa vez están causadas por sucesións dos sinais físicos externos. Mais con isto non abonda para explicar a sensación da sucesión pois hai que explicar aínda como a consciencia sente a sucesión dos seus propios estados cando se sente a si mesma. O sentir da sucesión engádese aos sentires sucesivos e require unha explicación adicional.

O que se critica na doutrina de Helmholtz é, de novo, o illamento dos estados de consciencia, fronte ao cal James opoñía o feito de que as unidades compoñentes do fluxo son como “bloques de duración”, nos cales se percibe a sucesión (James, 605-6). Tratábase entón de distinguir o que se dá na experiencia real e concreta dos elementos nos que é analizable mais que nunca se senten como tales. Trata de explicar agora como o fluxo de cons-


ciencia se representa a súa propia sucesión. Esta cuestión sae do nivel puramente descritivo e introduce o problema da representación. A nova orientación fai moito máis que engadir outra crítica ás doutrinas segundo as cales o dado na consciencia é reducible a unha sucesión de estados instantáneos. Abre unha nova perspectiva sobre o estatuto do presente especioso, que xa non é considerado só como un elemento estrutural da composición do fluxo senón como a forma da representación propia da intuición interna. É sorprendente que James non advirta esta viraxe en ningún lugar. Máis aínda porque, como imos ver, vai a asumir que o fluxo se compón dunha sucesión de estados instantáneos, representados polas perpendiculares a unha recta. É dicir, defende a mesma tese á que semellaba opoñerse unhas páxinas atrás. O cambio introdúcese ademais dun xeito casual, a modo de concesión á doutrina de Helmholtz:

Aínda *se concibisemos* as sucesións externas como forzas que imprimen a súa imaxe no cerebro e as sucesións cerebrais como forzas que imprimen a súa imaxe na mente, aínda así, entre o *ser* sucesivos dos cambios da mente e o *coñecemento da súa propia sucesión*, media un abismo igual de grande que entre o suxeito e o obxecto nunha cognición calquera. (James, 628)

As palabras destacadas non deixan lugar a dúbida sobre a viraxe que toma o argumento. A cita comeza cun condicional destacado, “se concibísemos”, co cal se indica que o que vén a continuación é unha concesión, concesión que remata no medio da cita, co “aínda así”, co que se indica que non se acepta o que se concede. O que ven a continuación, en cambio, si que se acepta, e as implicacións son importantes. James pon a énfase en “*ser*” e “*coñecemento da propia sucesión*” para remarcar o contraste. É dicir, distingue rotundamente entre o ser da sucesión no fluxo de consciencia e o coñecemento da sucesión do fluxo de consciencia, distinción que se marca aínda máis ao comparala coa relación suxeito-objeto.

A representación esquematízase na imaxe da liña. Unha liña horizontal representaría o “fluxo temporal real” (“actual time-stream”) do noso pensamento e as liñas perpendiculares representarían o pensamento sobre un segmento calquera dese fluxo, pasado, presente ou futuro. A lonxitude da perpendicular representa o segmento pensado con todo o que é pensado nese momento do fluxo. Cada momento instantáneo do fluxo de pensamento, representado por un punto

da liña horizontal, contén unha representación cun espesor maior ou menor, representado pola lonxitude da liña perpendicular sobre ese punto. A imaxe corresponde ao que Barry Dainton denomina “modelo retentivo” da consciencia do tempo: o fluxo de consciencia componse dunha sucesión de estados momentáneos, mais os contidos deses estados presentan unha extensión. O mecanismo é a retención na memoria dos momentos pasados na memoria máis recente, que se presenta xunto cos novos contidos ordenados en sucesión (Dainton, 2):



MODELO RETENTIVO

Dándolle continuidade ao símil espacial e deixando de lado a anticipación do futuro, James resume a idea na expresión “proxección en perspectiva” de obxectos pasados na consciencia presente, comparable á proxección de amplas paisaxes na pantalla

dunha cámara. Combinando ambas as imaxes, podemos interpretar que o que se sostén é que a experiencia recolle nun instante (a pantalla da cámara) unha duración que contén cando menos o presente especioso (a ampla paisaxe), conservando as proporcións, talvez transformadas (proxección en perspectiva).

Cómpre distinguir dúas cuestións que entran en xogo nesta nova imaxe, unha sobre a natureza da temporalidade do real e outra sobre a estrutura da autoconsciencia. Abandónase a perspectiva fenomenolóxica para falar dun “fluxo temporal real”, que é o obxecto do que se presenta na intuición. A consciencia intúese a si mesma como un fenómeno. Esta estrutura desdobrada permite distinguir o tempo fenoménico, relativo á forma en que os contidos se presentan na consciencia, do tempo real, no cal se desprega o fluxo en si. O tempo real concíbese segundo a idea común, como unha liña formada por instantes sucesivos. O presente é un deses instantes no que limitan o pasado por un lado e o futuro polo outro. O tempo fenoménico sería a duración do presente especioso, que ten lugar nun instante do tempo real.

A introdución do cerebro e as causas da intuición non cambia no esencial a situación. A investigación sobre o cerebro atópase naquel momento nun estadio aínda moi primitivo e non era suficiente sequera para apuntar a un mecanismo responsable da percepción do tempo cunha mínima base experimental. O cerebro do que James fala aquí non é un obxecto empírico senón unha imaxe cunha estrutura moi semellante á da liña. Cada intuición corresponde a un conxunto de “procesos cerebrais”, que é a súa “causa”. Como hipótese auxiliar, sostén que eses procesos son simultáneos ás intuicións que causan. A contracción de eventos representados na duración intuída débese á capacidade do “cerebro” de acumular procesos sucesivos e solapalos. Négase así a posibilidade de que o presente especioso abraza unha duración física, neste caso cerebral. Pode representar unha duración mais non ocupala. O mecanismo é a acumulación, acumulación que se produce no momento presente, presente que non ten, el mesmo, unha duración. En última instancia, a acumulación fúndase na repetición do mesmo nos procesos cerebrais e en que os mesmos procesos cerebrais son correlativos ás mesmas percepcións.

O FENÓMENO INMEDIATAMENTE DADO E A REPRESENTACIÓN

As imaxes da liña e da secuencia de obxectos involucran puntos de vista moi diferentes sobre a estrutura temporal da consciencia. Mais ambas cumpren a mesma función, explicar unha evidencia fenomenóxica obtida na introspección directa: “somos constantemente conscientes dunha certa duración” (James, 605, 642). O presente especioso é o que se dá inmediatamente sempre que temos experiencia consciente. O que nunca se dá é a intuición illada dun instante ou dun contido instantáneo. Sexa o que sexa o que conteña a consciencia, ten lugar na unidade sintética e complexa dunha sucesión presente.

A intuición desa duración é, engade James, a “intuición orixinal do tempo” (James, 605, 631, 642) a partir da cal se constrúe o tempo abstracto, por división e composición, e mediante relacións simbólicas que involucran operacións intelectuais de carácter non intuitivo. Distínguense así dous presentes. Un presente que coincide coa presenza fenomenica nunha unidade diacrónica inmediata e un presente máis abstracto, obtido mediante operacións intelectuais superiores. Sería o presente das

datas e os reloxos, e do cal non temos experiencia inmediata.

A imaxe da secuencia de obxectos inclínase cara á idea de que a duración do presente especioso, en tanto que é sentida como tal, é primitiva. A división en instantes sería, en cambio, derivada e abstracta, pois resulta dunha operación de análise realizada sobre a experiencia bruta, que ten unha duración mínima. A duración, a secuencia temporal e o fluír dos contidos no tempo serían contidos orixinais e, en canto sentidos, irreducibles. A imaxe da liña, pola contra, sitúa a unidade da duración do presente especioso nun marco temporal que non é percibido directamente e que é común ao mundo físico. A duración do presente especioso sería unha forma de representar a extensión temporal no que el mesmo, como contido dun acto sen extensión, se instala. A resolución desta tensión entre os presentes fenoménico e obxectivo involucra, como xa suxerimos, dúas cuestións máis amplas: as unidades diacrónica da consciencia e a representatividade do fenómeno.

Unidade diacrónica da consciencia

A idea dunha unidade extensa é unha contradición nos seus termos, pois o extenso é, por defini-

ción, partes *extra* partes. Por iso é habitual derivar a unidade do extenso en algo que non é el mesmo extenso. No caso da consciencia, pode ser un acto de aprehensión ou representación que reúne unha multiplicidade. A imaxe da liña vai nesa dirección pois cada punto concentra a extensión representada polo segmento perpendicular e a desprega nunha proxección cara o pasado recente que converxe no punto. A resposta a esta dificultade é, directamente, o fenómeno do presente especioso: sempre se percibe unha duración que non é partes *extra* partes senón unha unidade estruturada. Iso é o que se sente. O que non se experimenta nunca son os instantes illados nos que a imaxe da liña divide o fluxo de consciencia. Se adoptamos a perspectiva de que o inmediatamente sentido é primario, resulta que a división do presente especioso é unha abstracción derivada, como suxire James. Ábrese así a posibilidade dunha unidade diacrónica en sentido estrito para os contidos de consciencia.* Esta teoría non é relativa nin determinante para a concepción do tempo nun sentido físico ou metafísico, pois o seu

* Para unha argumentación detallada, véxase Dainton, 121-123.

alcance se limita á experiencia concreta e inmediata. O presente especioso dá cabida á intuición sensible directa do cambio, á sucesión e á persistencia.

A representación fenoménica das relacións temporais

A aplicación do “argumento agostiniano” ao presente especioso levounos á cuestión da unidade da consciencia e condúcenos agora a unha cuestión epistemolóxica xeral. A imaxe da liña, ampliada coa imaxe do proceso cerebral, busca a coherencia entre as duracións unidas do presente especioso e a temporalidade abstracta do mundo físico. A crítica a Helmholtz, como vimos, parece ir arrastrando insensiblemente a James cara a unha interpretación da relación entre o físico e o fenoménico na que o tempo físico dos sinais e os procesos cerebrais se converte no marco para integrar o tempo fenoménico. Noutros lugares semella, así e todo, favorecer a posición inversa: que o tempo matemático do reloxo se abstraia a partir do tempo fenoménico.

Cando o presente especioso se interpreta no marco da causación (estados correlativos do cerebro) e da representación (proxecta a súa propia sucesión pasada retida na memoria), a duración queda, por

así dicilo, atrapada no tempo das causas e do representado. O inmediatamente sentido perde forza cando é interpretado dende a súa xénese física e dende a súa función representativa. É natural pensar que o xerado non pode ter unha calidade diferente da que o xera, como a que ten o presente especioso respecto do presente dos estados cerebrais. Dende o punto de vista da súa función representativa, o presente especioso sería o xeito no que se representa na consciencia outra cousa diferente. É preciso, polo tanto, non confundir a duración presente co que esta representa. A distinción entre o “fluxo temporal real” e o “fluxo representado” remite a unidade do contido á unidade dos actos polos que o fluxo se representa a si mesmo. O que se experimenta é a unidade da experiencia pasada coa presente. A experiencia pasada é retida na memoria. A temporalidade “real”, á que pertencerían os actos, sería representada pola temporalidade “fenoménica” dos contidos en canto a experiencia consciente é obxecto de si mesma. A temporalidade fenoménica estaría mediada polo modo de darse do obxecto ou polo modo de aprehensión.

CONCLUSIÓN

O texto de James sobre a percepción do tempo, como é habitual nel, non contén unha teoría sistemática. Iso non é necesariamente un defecto, pois unha excesiva énfase na coherencia conduce a miúdo á exclusión de perspectivas que poden ser valiosas. A tensión interna entre as imaxes da secuencia de obxectos e da liña coas perpendiculares ben podería ser unha representación adecuada á complexidade da temporalidade da consciencia, complexidade que neste artigo só se tocou dun xeito tanxencial. Salientamos dous aspectos. Primeiro, que hai unha percepción directa e inmediata de fenómenos que requiren unha extensión temporal, coma o cambio, a sucesión e a persistencia, na que se integra unha distinción entre o presente e o pasado. Segundo, que isto non implica que o fluxo de consciencia non sexa divisible, el mesmo, nunha sucesión de estados sen duración, pois sempre é posible desdobrar o fluxo de consciencia e a súa autorrepresentación, na cal a duración dun presente especioso representaría un treito do fluxo de consciencia “real”, carecendo el mesmo de duración en tanto que compoñente do fluxo.

Bibliografía

Agostiño de Hipona

Confessions, London: Penguin Classics, 2002.

Block, A. Richard

“Models of psychological time”, in *Cognitive Models of Psychological Time*, Block, A. Richard (ed.), Nova York-Sussex: Psychology Press, 2009.

Dainton, Barry

1. *Stream of Consciousness*, Londres-Nova York: Routledge, 2003.
2. “Temporal Consciousness”, in *The Stanford Encyclopedia of Philosophy*, Edward N. Zalta (ed.), ed. do inverno de 2018, [en liña] consultado o 14 de setembro de 2020. URL: <https://plato.stanford.edu/archives/win2018/entries/consciousness-temporal/>.

James, William

The Principles of Psychology, vol. 1, Nova York:
Henry Holt and Company, 1938.

Le Poidevin, Robin

The images of time. An essay on temporal representation, Oxford: Oxford University Press, 2007.

Índice

9	Introdución
11	O presente especioso e o presente obxectivo
17	Descrición fenomenolóxica do presente especioso
24	O presente especioso como modo de representación
32	O fenómeno inmediatamente dado e a representación
33	<i>Unidade diacrónica da consciencia</i>
35	<i>A representación fenoménica das relacións temporais</i>
37	Conclusión
39	Bibliografía

EDICIÓN NON VENAL
ISSN 2340-8537